

# CIDADANÍA



"A xestión empresarial leva aparellada unha gran carga de traballo de planificación."

*Antón Insua López*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Consultoría
<b>Sector de actividade</b>	Actividade de asesoría, consultoría e investigación
<b>Nº empregados</b>	14
<b>Inversión inicial</b>	5.000 €
<b>Financiamento inicial:</b>	Fondos propios
<b>Web:</b>	<a href="http://www.cidadania.coop">www.cidadania.coop</a>
<b>Municipio:</b>	Santiago de Compostela, A Coruña
<b>Ano creación:</b>	1999

## Descrición do proxecto

Somos unha consultoría especializada na utilización dunha metodoloxía de planificación participativa, na que se integran investigación, participación social e planificación estratéxica.

Prestamos servizos nas áreas da investigación social, da consultoría pública e na mellora organizativa.



## Datos empresa

### Claves do éxito

A clave do éxito nesta actividade radica na calidade dos servizos realizados, que aparelha a consecuente satisfacción do cliente.

Para obter a calidade desexada, consideramos fundamental que os nosos traballadores se atopen motivados na realización do seu traballo.

### Situación actual

A día de hoxe, contamos cunha carteira de clientes consolidada. Ademais, en Galicia somos unha empresa de referencia no que se refire a innovación, debido a que utilizamos unha metodoloxía de traballo que consiste na activación da participación dos distintos actores sociais en aras de conseguir a súa implicación nas estratexias de desenvolvemento sociocomunitario.

Actualmente, a nivel interno estamos implantando un plan de mellora da calidade.

### Perfil cliente

Os nosos clientes proveñen tanto do ámbito público como do de acción social -entidades sen ánimo de lucro, fundacións, etc.- En definitiva, dirixímonos a calquera tipo de entidade xestora de fondos públicos.



## Idea inicial

Todo comezou cando creamos a asociación Escola Cidadanía, desde a que comezamos a realizar traballos de investigación social, cursos, etc. destinados principalmente a entidades non lucrativas e a organismos públicos. Decidimos agruparnos nunha cooperativa a medida que o volume de traballo comezou a incrementarse.

## Principales dificultades y amenazas futuras

A principal dificultade da empresa nos seus comezos foi xerar a demanda dos produtos ofertados.  
Por outra banda, o rápido crecemento da empresa representa unha ameaza debido a nosa inexperiencia na xestión do cambio.

## Perfil promotores

Antón Insua é licenciado en CC Económicas pola USC. A empresa conta con 8 socios máis, a maioría profesionais das Ciencias Sociais.

## Aptitudes necesarias

É fundamental contar con iniciativa e tesón. A xestión empresarial leva aparellada unha gran carga de traballo de planificación.  
Non é fácil verse como empresario, debes asumir outra serie de responsabilidades que descoñeces cando es traballador.



## Guía de Actividad

**I+D** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**A independencia que proporciona**  
**Saír do desemprego**

**Dedicarme ao que me gusta**  
**Ser o meu propio xefe**

## Formación

### **¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

Non, pero se buscou información relativa á creación empresarial entre distintas fontes.

### **¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Considero que na actualidade existe moita información sobre a creación e xestión empresarial facilmente accesible.

## Anecdotalio

Hai un pensamento que predomina no mercado e que se manifesta en que moita xente cree que todo o de fora é o mellor.

